

A VIA NOVA XVIII E OUTRAS PEGADAS ROMANAS

Os creadores dos camiños a longa distancia foron os romanos. A romanización en Galicia foi, en xeral, itineraria, daí a importancia das vías, incluso as secundarias.

Na romanización atravesaba o concello a Vía XVIII ou Vía Nova, unha das vías romanas de máis importancia do noroeste da península que unía ás cidades de Bracara (Braga) e Asturica (Astorga), ás cidades máis populosas do noroeste da Hispania.

Foi unha vía de longo recorrido e a súa construción foi estatal cunha finalidade de control político e administrativo do territorio e de explotación económica. En relación coas actividades económicas, nas terras da Alta Limia destaca a actividade extractiva relacionada co ouro e o estaño.

A Vía Nova que cruzaba o sector NO da Limia de So a NE, facíao maioritariamente pola chaira preto da bancada inferior que delimitaba o anfiteatro (*ima cavea*). A súa construción adaptouse na Alta Limia a peculiaridade paisaxística. Dando que estamos falando dun soporte de chaira, húmido e de difícil drenaxe, a vía constrúese elevando a rasante sobre o terreo formando un terraplén (*agger*).

Esta vía XVIII foi denominada “nova” por ser construía en época Flavia por tito Flavio Vespasianos (50 d.C.) e restaurada en tempos de Maximino. Enlazaba Braga con Astorga a través da actual provincia de Ourense entrando nela por Portela de Homem e saíndo por Valdeorras. Tiña dúas variantes: as vías que dende Aqueae Flavie írían ata Iria Flavia pasando pola chaira da Limia (Transmiras, Os Pardieiros, Xinzo, Vilariño das Poldras) e as vías dende Aquae Flaviae a Aquis Celenis, pasando por Ouvigo, Mosteiro de Ribeira, Ganade, A Saínza, e Rairíz de Veiga.

O trazado desta vía romana, é un dos mellores coñecidos de cantos se ten constancia en Galicia. Moitos dos tramos da calzada perdéronse, pero outros deles consérvanse bastante ben ou téñense indicios bastante claros do seu decorrer.

O trazado desta vía romana, é un dos mellores coñecidos de cantos se ten constancia en Galicia.

Na comarca da Limia aínda son visibles algúns restos do trazado desta obra romana. Estamos a falar do tramo que comprende entre Ponte Liñares e Sobradelo, atravesando A Sainza, Vilariño das Poldras, Vilar de Santos, Sandiás, Casasoá e Busteliño. En Sandiás pasa ao pé da Torre do Castro, para continuar pola súa variante pola beira dereita de Aquis Querquennis, por Aquis Originis ata Lucus Augusti.

No caso de Sandiás, a calzada romana atravesa o concello pola metade, coa dirección SW a NE, bordeando a Lagoa de Antela polo W pero afastada da súa beira. Precisamente, por ser unha zona de chaira con fondo areoso, a vía nova foi realizada en terraplén sobre unha base de pedras, coñecidos entre os paisanos da zona como “lombos ou lombas”. As “lombas” e os miliarios son as únicas pegadas que confirman con certeza histórica a existencia desta calzada o seu paso polo concello. A Vía XVIII estivo bastante ben conservada ata o comezo das obras da desecación da lagoa de antela, as obras da concentración parcelaria e a apertura de pistas de comunicación entre parcelas.

A Vía Nova entra no concello de Sandiás polo SE de Vilariño das Poldras, por debaixo do pazo de O Penedo. No lugar coñecido polos veciños como *O Campo da Lama* onde hai un punto de redución de milla e donde é ben visible o trazado da vía apreciándose un pequeno lombo nunha finca próxima, foron descubertos no ano 1995 en bo estado de conservación tres miliarios, dous deles anepígrafos e un relacionado cos emperadores Maximilino e Máximo. Marcaban a milla LXVII dende Braga.

Dende ese punto a vía continuaba o seu trazado cara a aldea de Couso de Limia deixando á esquerda o visible pazo de *O Telleyro* para salvar a leve divisora de augas entre Couso de Limia e Sandiás, coincidindo nuns 100 metros co camiño coñecido como a *Rodeira das Antas*, onde foi atopado un miliario adicado ós emperadores Treboniano e Volusiano. O tramo entre Couso e a aldea de Sandiás permanece practicamente irrecoñecible.

Na aldea de Sandiás, cruzaba o pobo, que coincide coa descrición e distancia da mansión “Geminas ou Geminis”, onde aparecen máis restos romanos asociados. Seguía suave e recta ata chegar a igrexa parroquial de Santo Estevo e seguindo recta polo W do outeiro da Torre do Castro salvando así os terreos da chaira pantanosos.

Na aldea de Santa Ana vira hacia o NE para dirixirse polo sur da aldea da Ladeira. No lugar que os veciños coñecen como *As Poulas da Cavadiña*, ó sur da aldea de A Ladeira, consérvase o segundo mellor tramo da vía. Foi atopado co gallo do seguimento das obras da autovía das “Rías Baixas” no ano 1993. Os restos conservados conforman un pequeno lombo nunha finca que actualmente se atopa á poula, bordeada de carballos e vidueiros. A caixa da vía nova mide aproximadamente uns 10 metros de ancho e apréciase a cuneta (zanxa) a esquerda. O lombo presenta unha altura entre 1-1.50 metros.

Dende a Ladeira, a calzada discurría cara A Corga e Zadagós en liña recta, onde se encontraron sendos miliarios, en dirección Casasoá. Nesta recta a Vía iba en elevado terraplén, tramo chamado polos veciños *A Lomba*, destruído pola concentración parcelaria, especialmente no lugar denominado *O Fial*, e substituído en parte pola carretera que se dirixe a Bustelo. Nesta recta e fronte a Zadagós, apareceu un miliario adicado a Maximino e Máximo.

A Vía Nova despídese da Antela virando ó norte á altura de Bustelino e baixa hacia Baños de Molgas (Aquis Salientibus. O camiño abandona o concello de Sandiás para entrar na demarcación territorial de Xunqueira de Ambia. Todo o tramo está sinalado, especialmente por pedras miliarias, moi concentradas en Portela de Homem e máis espalladas na chaira da Limia.

Outras vías romanas secundarias e transversais

Outras vías romanas pola zona do concello de Sandiás son secundarias e transversais. A que máis nos interesa a nos e a que viña de Montealegre a San Millao e de San Millao a Rebordondo. Baixaba polas Estibadas e chegaba a Villa de Genicio (Xinzo), cruzando logo a Vía romana principal XVIII en Géminas (Sandiás) e continuaba pola Vrea Vella en dirección ao Castrón de Novaiño e por Piñeira de Arcos (camiño romano) e baixaba pola Portela de Airavella a Villa Aliarici e Armea (Allariz).

A PEGADA ROMANA EN SANDIÁS: OS MILIARIOS

Básicamente hay tres tipos de inscricións romanas: as adicadas ás divinidades (hai unha ara en Sandiás pero, de momento, parece anepígrafa); as adicadas a persoaxes ilustres (son as máis abundantes e concretanse nos miliarios de Sandiás, Couso de Limia, Vilariño das Poldras, Corga e Zadagós) e as funerarias (non hai mención delas no concello).

-Marco das (S)Antas.

Elixio Rivas describe a situación do seguinte xeito: “saíndo de Sandiás, cara pordosol, a 700 m; onde houbo dúas, unha leva a Couso de Limia”). Adicado a Treboniano e Velusiano.

O seu orixe estivo vinculado a aldea de Couso de Limia no lugar chamado polos veciños “ *O Marco das Antas*”, a unha milla antes de chegar á *Mansio Geminas*, na estrada dque vai de Sandiás a Couso. Según Rodríguez Colmenero, foi desfeito en postes para unha propiedade de Don Juan Quintas, á entrada de Couso de Limia; según Rivas Fernández,

un veciño de Couso, Bernardino Blanco, o fragmentou en anacos para empregalos como postes dunha finca. Os anacos foron vendidos a un anticuario e hoxe están en paradeiro descoñecido. Un equipo de investigadores xunto con R. Colmenero viron os anacos do miliario en 1972 e tamén parte deles nun estudo feito para unha publicación de 2004 na horta anexa o domicilio de D. Juan Quintas. Tratábase dun tambor de granito ben cilindrado. Según Colmenero, procedía das *Antas*, (vulgo, As Santas), un revelador topónimo viario existente entre Couso e Sandiás.

É o único fito viario ata o momento adicado ós emperadores Treboniano e Volusiano. Tratábase dunha peza propagandística xa que non especificaba as millas. O miliario era coñecido dende fai moitos anos. De feito, xa Barros Sivelo o citaba entre as aldeas de Saa e Sandiás, tamén Hübner,, Vázquez Nuñez e Rivas Fernández, que fixo a seguinte recomposición do texto:

IMP(eratori).CAES(ari).C(aius). VIBIO. TREBONIA NO.GALLO.PIO.INVICTO.AVG(usto)
TR(ibunicia).POT(estate).CO(n)S(ul).PROCO(n)S(uli).ET.IMP(eratori)
CAES(ari).C(aius).VIBIO.VELDVMIANO

VOLVSIANO.AVG(usto).PONT(ifici)
MAX(imo).TR(ibunicia).POT(estate).CO(n)S(ul) II
LECTURA: (Adicado) ó emperador César Caio Vibio Treboniano Gallo Pío Invicto Augusto na Tribunicia Potestade, Cónsul. Procónsul e ó Emperador César Caio Vibio Volusiano Augusto Pontífice Máximo na súa Tribunicia Potestade, no seu II Consulado”
Cronoloxía: 251-253 d.C.

- Miliario de Zadagós.

Na obra coordinada por Rodríguez Colmenero “*Miliarios e outras inscricións viarias romanas do noroeste hispánico*”, sostense que a peza foi atopada en 1920; tamén se sostén a mesma data no inventario de xacementos arqueolóxicos da Xunta de Galicia. Según o equipo que realizou o *Catálogo da Alta Limia*, tivo que ser descuberta dita peza con anterioridade, máis concretamente nos primeiros anos do século XX, xa que no terceiro tomo do B.C.M.O que comprende traballo entre 1906-1909, x afora publicada por Vázquez Nuñez. Aparece catalogado no I.R.G. e Díez Sanjurjo citao de pasada no seu estudo.

O investigador Rivas Fernández foi quen de estudalo de xeito máis profundo no ano 1974. Foi descuberto nunhas leiras que os veciños de Zadagós chaman o labradío de *As Ladeiras*, ó norte da aldea e a dereita da Vía Nova XVIII. Xa Rivas no seu estudo indica que o miliario estaba fragmentado en dous trozos dende facía 50 ou 60 anos. O parecer, foi partido en dous anacos, un de maior envergadura có outro. Un deles tiña man dunha viga dun palleiro e o outro estaba de poste de sostén dunha cancela que daba entrada a un patio-galiñeiro, propiedade da veciña de Zadagós, Julia Marra.

Nesta ubicación estivo durante un longo periodo de tempo, ata que fai poucos anos foi reconstruído e conducido ata o emprazamento que ocupa na actualidade, un cruce de pistas da concentración parcelaria, moi preto de onde apareceu en orixe. Colmenero descríbese como un gran cilindro ben executado de granito de gran groso.

Tras a súa reconstrución pódese dicir que é un dos miliarios mellor conservados do Concello de Sandiás.

Está adicado ó emperador Maximino e ó seu fillo Máximo e non sinala ningunha milla a pesares de ter espacio en branco suficiente para a gravación. Ten un carácter propagandístico xa que fai referencia á reparación e ó coidado das vías e obras afectadas da caminería romana.

Esta é a interpretación recente levada a cabo por Rodríguez Colmenero, Ferrer Sierra e Álvarez Asorey, extraída do Catálogo da Alta Limia:

Imp(erator) caes(ar) C(aius) Iulius
Verus Maxim[i]nus pi[us] fel(ix)
aug(ustus) germ(anicus) max(imus) dac(icus) max(imus) [s]arm(aticus)
max(imus) pont(i)f(ex) (maximus) tr[i]b(unicia) pot(estate) V i[m]p(erator)
VII p(ater) p(atriciae) co(n)s(ul) pr(o)co(n)s(ul) et C(aius) Iuliu(s)
Verus Maxim(u)s nobi[lis]si
mus caes(ar) germ(anicus) max(imus) da[c(icus) m]ax(imus)
sarm(aticus) max(imus) pr[i]nceps iu[v]en
tutis fil(ius) d(omini) n(ostri) imp(eratoris) caes(aris) G(ai) lu[li]
Veri Maximin[i] {fil(ius)} pius fel(ix) a[ug(ustus)]
vias et pontes [i]n tempor[ib]us
vetustate con[]apsos rest[]itui
pr(a)eceperunt [c]ura agen[e] Q(uinto)
Decio leg(ato) augg(ustorum) [p]r(o)pr(aetore) c(larissimo) v(iro)

Ó emperador César Augusto Gaio Xulio Vero Maximino, pío, feliz, xermánico máximo, dácico máximo, sarmático máximo, pontífice, coa tribunicia potestade por quinta vez, emperador pola sétima, pai sa patria, cónsul, procónsul; e Caio Xulio Vero Máximo, nobilísimo César, xermánico máximo, dácico máximo, sarmático máximo, príncipe da xuventude, fillo do noso señor o César emperador Caio Xulio Vero Maximino; pío, feliz, Augusto mandaron refacer as vías e as pontes deterioradas polo paso do tempo, sendo responsable Quinto Decio, legado propretor dos Augustos, esclarecido varón (na milla 71).

-Miliario de Vilariño das Poldras

Este miliario atópase situado no *Pazo do Penedo*, no núcleo de Vilariño das Poldras, propiedade da familia Marquina. Está colocado de forma invertida e servindo de pedestal dunha estatua nun xardín do pazo. Foi descuberto polos autores da investigación *La Vía Nova en a Lima*. A súa ubicación coincide case exactamente coa milla 67, polo que os autores pensan que debeu ocupar ese lugar.

Según Colmenero e outros, trátase dun cilindro ben executado e de granito de gran groso. Aínda que contaba cunha maior altura, hoxe mide aproximadamente 1.55 m., xa que a peza foi repicada para cumprir a función de pedestal dunha estatua. No ano 1992 os descubridores da peza afirmaban que tiña polo menos oito liñas de letras, pero apenas percibían unha ducia delas. Cinco anos máis tarde Rodríguez Colmenero reconstruíu o texto do seguinte xeito atribuíndollo a Magnencio:

[Imp(eratori) caes(ari)
M]a[no]
[Ma]g[nentio invi]
cto pont(ifici).
max(imo). trib(unicia) pot(estate)
p(atr) p(atriciae). co(n)
s(uli) pr(oconsuli)

Ao César imperador Magno Magnencio invicto, pontífice máximo, coa potestade tribunicia, pai da patria, cónsul e procónsul.

Na interpretación máis recente levada a cabo por Rodríguez Colmenero, Ferrer Sierra e Álvarez Asorey, relacionan o miliario co emperador Xuliano o Apóstata, sempre din, coas pertinentes reservas dado o escaso número de letras que expresan o nome do devandito emperador. A interpretación que fan é a seguinte:

[Imp(eratori) caes(ari) Fl(avio)]
Claud[i]
lul]ia[no]
invic]to
[a]ug(usto) pont(ifici)
max (imo) trib(unicia)
pot(estate) p(atr) p(atriciae) c(onsuli)
proc(onsuli)

Adicado ó emperador César Augusto Flavio Claudio Xuliano, invicto, pontífice máximo, investido co poder tribunicio, pai da patria, cónsul, procónsul”.

-Miliario da Corga.

Adicado a Galerio. Atopado no ano 1964 durante os movementos de terra realizados para a desecación da Lagoa de Antela, entre A Corga e Zadagós polo cal Colmenero e colaboradores indican que é atribuído a milla 70. Actualmente está depositado no Museo

Arqueolóxico de Ourense.

Indícase no Catálogo da Alta Limia que durante un tempo estivo custodiado nunha zona verde interior dunha granxa do I.R.Y.D.A., case no centro da desaparecida lagoa. En 1978 foi trasladado ó patio da Deputación Provincial de Ourense, e despois pasou a engrosar os fondos do Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense. Estas son as coordenadas aportadas no traballo *“La Vía Nova en a Limia”*: 42º 08´ 08´´ N. e 4º 02´ 21´´ O.

Trátase dunha columna irregularmente cilindrada de granito de gran groso, de sección cuasi cuadrangular. Conservación boa pero con letras moi burdas e con moitas erratas. Tamén as filas epigráficas presentan bastante descoído. Colmenero e o seu equipo de investigación tamén falan de epígrafe con numerosas anomalías (caesri en lugar de caesari...) ata o punto de chegar a dicir que o lapicida non sabía moito de letras.

Adicado ó emperador Galerio (293-311 d.C). Non ten especificada milla algunha, xa que era común omitilas nos miliarios tardíos de intencionalidade honorífica.

Interpretación:

D(omino) N(ostro) IMP(eratori) CAES(a) RI (sic)

G(alerio) VALERIO

MAXSI

MIANO

P(io) F(elici) ANVISTO (por Augusto)

INVICTO

Lectura: (Adicado) ó Noso Señor o Emperador César Galerio Valerio Maximiano Pío Feliz Augusto Invicto.” (fonte: Catálogo da Alta Limia).

Miliarios do Campo da Lama

No ano 1995 foron atopados por un veciño de Vilariño das Poldras (Sandiás), enterrados nunha das súas propiedades que posuía nun sitio denominado *O campo da Lama*, un grupo de tres miliarios. Encargábanse de marcar a milla LXVII dende Braga. Neste lugar é ben visible o trazado da Vía Nova ou Vía XVIII (calzada de Bracara a Asturica), apreciándose un pequeno lombo nunca finca próxima.

Dende aquí a vía continuaba cara o pobo de Couso, pasando polo leste do núcleo e deixando á esquerda o visible pazo de O Telleiro. O lombo, discontinuamente conservado presenta nesta zona unha altura entre 1 e 1.5 m. Esta Vía Nova tivo a maior densidade de miliarios de todo o Imperio Romano.

O interese dos veciños do pobo de Vilariño das Poldras e do Concello de Sandiás fixo posible que non foran trasladados ó Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, habilitando un espazo a uns 40 m ao noroeste do lugar de aparición, nunha beira da pista de concentración parcelaria que une Vilariño das Poldras con Sandiás.

Como dixo Rodríguez Colmenero “ a instalación xunto cos seus compañeiros, en cadanseu podio, conferiulles un extraordinario realce”.

Miliario 1. Ten 2.44 metros de altura e está adicado ó emperador Maximino e o seu fillo Máximo (235-238 d.C). Caius Iulius Verus Maximinus foi o primeiro emperador de orixe bárbara. Moi similar en altura o adicado o emperador Magnencio na milla XIV en Bouca do Padreiro, terras de Bouro con 2.40 metros de altura. Aínda así non supera o de maiores dimensións (máis de 3 metros) situado en Correlhá (Ponte de Lima-Portugal) e conservado no Museo Nacional de Arqueoloxía e Etnografía de Lisboa. Ten o seu favor que pasa por ser un dos exemplares mellor conservados de toda a Vía Nova, contando cun texto visible, claro e correcto a excepción da repetición na oitava liña de fil despois do nome de Maximino. A transcripción foi realizada por Rodríguez Colmenero, Ferrer Sierra e Álvarez Asorey.

As inscricións do miliario 1 aparecen gravadas a base de cincel, con pegada máis ou menos profundas e sen ningún resto de pintura. Aparecen gravadas na parte superior do cilindro, cadrando o epígrafe á altura dos ollos do viaxeiro. As letras alcanzan unha altura entre 5 e 9 cm e o seu texto desenvólvese en 11 liñas como é propio dos miliarios adicados a Maximino e Máximo. Ten 67 cm de diámetro.

O formulario do texto epígrafe comeza co nome do emperador, seguen as titulaturas imperiais e remata coas distancias en millas. No caso do miliario 1 de Vilariño das Poldras, a inscrición vese completada con apuntas a traballos de construción e restauración das vías.

A redacción escrita no baixo imperio en relación con Maximino e Máximo está en dativo e constitúe unha auténtica dedicatoria das autoridades locais a modo de propaganda imperial.

Esta é a transcripción realizada por Rodríguez Colmenero, Ferrer Sierra e Álvarez Asorey:

Imp(erator) caes(ar) G(aius) Iulius Verus Maximinus

pius fel(ix) aug(ustus) ger(manicus) max(imus) dac(icus) max(imus)

sarm(aticus) max(imus) pont(i)if(ex) trib(unicia) pot(estate) V

imp(erator) VII p(ater) p(atriciae) co(n)s(ul) pr(o)co(n)s(ul) et G(aius) Iulius

Verus Maximus nobilissimus caes(ar)

germ(anicus) max(imus) dac(ius) max(imus) sarm(aticus) max(imus) princeps iuventutis fili(us)

d(omini) n(ostri) imp(eratoris) caes(aris) G(ai) luli Veri Maximini
[fil(ius)] pius fel(ix) aug(ustus) vias et pontes intemporibus
vetustate conlapsos restitui praeceperu
nt cura agente Q(uinto) Decio leg(ato) aug(gustorum) pr(o)pr(aetore) c(larissimo) v(iro)
a Bracara m(ilia) p(assuum) LXVII

O emperador César Augusto Gaio Xulio Vero Maximino, pío, feliz, xermánico máximo, dácico máximo, sarmático máximo, pontífice, coa tribunicia potestade por quinta vez, emperador pola sétima, pai da patria, cónsul, procónsul; e Caio Xulio Vero Máximo, nobilísimo César, xermánico máximo, dácico máximo, sarmático máximo, príncipe da xuventude, fillo do noso señor o emperador, César Caio Xulio Vero Maximino; pío, feliz, Augusto, mandaron refacer as vías e as pontes deterioradas polo paso do tempo, sendo responsable Quinto Decio, legado propretor dos Augustos, esclarecido varón, na milla 67 dende Braga.

É este un dos exemplares que mellor se conservan ó longo de toda a Vía, conta cun texto ben claro e correcto, a excepción da repetición na oitava liña de *fil* despois do nome de Maximino.

Miliario 2 e 3. En ambos casos trátase de dúas columnas correspondentes ao período do baixo imperio que adoitan ser cipos cilíndricos toscos e mal traballados, especialmente os anepígrafes como neste caso. Nunha pódese apreciar algún sinal epigráfico, aínda que con repicados intencionais. A outra non parece haber contado con inscrición. As súas medidas de altura son respectivamente 267 e 223 cm.

-Miliario da freguesía de Couso de Limia.

Indica Colmenero e colaboradores que está desaparecido a non ser que Barros Sibelo, pouco preciso dende un punto de vista xeográfico, o confundise co do mesmo emperador que tamén deixou erecto en Vilar de Santos (*“En la feligresía de Couso de Limia dejamos levantado otro miliario de Trajano Adriano que señala 67.000 pasos”*). Tamén Fala deste miliario Elixio Rivas indicando que estaba adicado o emperador Adriano (117-138). Colmenero indica que podría tratarse dun auténtico miliario de Adriano xa que se repite na milla anterior e nalgunha das seguintes.

-Miliario anepígrafe da Torre do Castro

Colmenero e colaboradores citando a Rivas indican “tambor de unos 45 cm de altura. Formando esquinal en una de las típicas palleiras de bloque,... en O Castro, en la falda del montículo de la Torre de Sandiás... por su diámetro, desgaste y... pudiera tratarse de uno de los hitos viarios”.

- Miliario da Ponte das Poldras

Na fotografía antiga onde aparece ese miliario, pódese observar que se atopa a beira da *Ponte das Poldras*, metido na auga. Témolos citados no século XVIII por Don Pedro González de Ulloa do seguinte xeito: *“Otra columna esta arrimada a la misma puente (que llaman das Poldras) esta sí que es columna miliar”*. Estivo neste emprazamento ata que no ano 1962 os traballos de desecación da lagoa e da concentración parcelaria fixeron que se perdera.

Non se sabe se o miliario conservaba algunha inscrición, o que sí se apreciaba no mesmo é unha cruz característica dun fito xurisdiccional. O probable miliario situado xunto á ponte foi reutilizado como fito xurisdiccional, pois na metade da súa fábrica remataba a xurisdicción de Xinzo de Limia, do Conde de Monterrei, e comezaba o Couto de Sandiás, que no século XVIII pertencía ao Marqués de Malpica e Mancera, Conde de Gondomar.

OUTRAS PEGADAS ROMANAS NAS INMEDIACIÓNS DO DECURSO DA VIA NOVA XVIII: XACEMENTOS, ARA, MANSIO GEMINAS

-Xacementos

Xacemento, *A Praza da Lagoa*, situado na aldea de A Chousela (Piñeira de Arcos), preto do trazado da Vía Nova XVIII do Itinerario de Antonino así como dunha vía secundaria romana que se dirixía a Lugo. Os restos atópanse ó norte da pista que conduce o núcleo da aldea ocupando unha ampla extensión. O xacemento descóbrese co seguimento arqueolóxico levado a cabo polas obras da autovía das Rías Baixas no ano 1993. Non aí estruturas visibles aunque probablemente se trate

dunha vila rural romana. Os informes fan mención de cerámica común romana, fragmentos de tégula e ladrillo.

Xacemento que aparece no contorno da igrexa de San Xoán de Piñeira de Arcos en torno a casa rectoral e os diestros. Trátase do *Xacemento do Porto*. O informe de xacementos arqueolóxicos da Xunta de Galicia indica a existencia dun gran xacemento tipo vila ou vicus con necrópole adxacente. O xacemento non conserva estruturas visibles e o material apareceu moi espallado debido a remoción das terras traballadas. A maior concentración de material apareceu ao carón da pista próxima á ábsida da igrexa é en menor cantidade, nos diestros que rodean o conxunto da igrexa e da rectoral.

Ademáis, e isto non ten confirmación arqueolóxica, os veciños afirmaron que coa ampliación do cemiterio apareceron tumbas antigas, caixas de tégula, cerámica común romana, ladríños e muiños de man circulares. Tamén afirman os veciños que o río Piñeira o seu paso polo pobo tiña canalización romana.

Xacemento *A Igrexiña*, situado no NE da aldea de Zadagós (Piñeira de Arcos), moi preto onde apareceu o *Miliario de Zadagós* e tamén moi preto do decurso da Vía Nova. Dito xacemento estaba xa referenciado polo arqueólogo Rivas Fernández no ano 1974 e onde fai mención da aparición de “abundante tégula romana y vasijas (...)”

Xacemento da Falagueira, na aba do monte denominado *Outeiro do Couso* (Coaloso). O inventario de xacementos arqueolóxicos da Xunta de Galicia especifica a aparición nunha pista de materiais diversos así como tégula romana nas terras de labor. Pode tratarse dun asentamento romano tipo vila.

Xacemento vinculado a Vía XVIII, *As Poulas da Cavadiña*, situado no sur da aldea de A Ladeira (Piñeira de Arcos). Tamén foi un tramo atopado nas tarefas arqueolóxicas de seguimento das obras da autovía “Rías Baixas, no ano 1993.

E un dos lugares onde se conserva un tramo claro de vía. Os restos conservados conforman un pequeno lombo nunha finca onde todavía son apreciables as pedras do firme removidas polos arados. A caixa da vía mide 10 metros de ancho e o lombo unha altura entre 1-1.50 m.

Xacemento da *Praza dos Inxertes*, situado na aldea de Sandiás. O inventario máis antigo é de Díez Sanjurjo que menciona o lugar o facer a descrición do trazado da Vía Nova. Nombra a aparición de “tejas, ladrillos y piedras labradas y próxima a la carretera hemos visto una basa de columna de granito”. No estudo máis actualizado coordinado por Segundo Alvarado para a Alta Limia, o describir a Vía Nova, indican que está moi modificada e somentes algún “trozos de tégula entre escombros, un bo sillar romano con almohadillado reticlado (...)”. Últimamente, un almacén de construción acabou por destruír o xacemento.

Xacemento da *Praza das Cavadas*, situado en Sandiás ó leste da igrexa de Santo Estevo e moi cercano o trazado da Vía XVIII. No lugar, afectado hai tempo pola concentración parcelaria, encontráronse fragmentos de cerámica, ladrillo romano e, sobre todo, tégula.

Hay investigadores que a pesares de non ter aparecido ningunha complexa estrutura, teñen situado a *Mansio Geminas* do Itinerario de Antonino en Sandiás debido á redución de millas e a cercanía co paso da citada Vía XVIII. Outros investigadores Coma Cuevillas e Arias prefiren a opción de situar Geminas en Parada de Outeiro.

A entidade dos xacementos de Praza das Cavadas e Praza dos Inxertes, só distantes 500 metros, semella ter un alto grao de complexidade constructiva, de tal forma que ditos restos poideran ter algún tipo de relación coa mansión *Geminas*, que a maior parte dos investigadores sitúan nesta zona tendo en conta a cuestión das reducións miliarias.

[Xacemento do Campo da Lama](#)

[Situado en Vilarinho das Poldras. A Vía Nova XVII ven entrando no concello de Sandiás polo SE de Vilarinho e pasa por debaixo do Pazo do Penedo. Desenvolvíase pola estrada C-531 de Xinzo-Vilargarcía. Precisamente nese lugar hai un punto que os veciños chaman O Campo da Lama, lugar no que en 1995 foron descubertos tres miliarios.](#) Neste lugar, ao igual que na aldea de A Ladeira, é ben visible o trazado da vía, apreciándose un pequeno lombo nunha finca próxima.

-Ara romana

Atópase xunto ao muro dunha casa suxeita con cemento. Feita de granito e de pequenas dimensións. Molduras nos extremos. Corpo central prismático. Non porta inscrición pola cara visible pero posible pola oculta (anepígrafa). Base lisa, capitel con pequena moldura interna e corpo cóncavo. Conta cun focus circular (zona de queima de ofrendas aos deuses) e con dous acróteros aos lados. Utilizada polos romanos como altar votivo en zonas próximas a necrópoles de asentamento ou vías romanas de paso. Na romanización atravesaba o Concello de Sandiás a Vía Nova XVIII e próxima ás inmediacións da Igrexa de Santo Estevo, sitúase a mansión Geminas.

-Mansio Geminas

Transmitida con diversas topónimos, non se encontrou aínda explica adecuada o seu significado, xa que o topográfico, baseado na existencia de dos outeiros xemelgos (Outeiro de Coaloso e Outeiro de O Castro), proposto por diversos autores, dista de convencer. En calquera caso, non sempre se situou *Geminas* donde agora se fai. Según indica Colmenero Barros Sibelo en contra de Fernández Guerra-Saavedra, sitúa en Sandiás Aquis Querquennis e despraza *Geminas* a Baños de Molgas.

Nesta ocasión parecen coincidir as distancias do Itinerario de Antonino que marca 69 millas dende Braga, coas que van sinalando os miliarios de Vilariño das Poldras (Millas 67) e As Antas en Couso de Limia (Milla 68). Dende este punto compre medir 1800 metros dacordo coa milla determinada por Alvarado e colaboradores no estudo do trazado da Vía pola Alta Limia, co cal viría reducida a un punto próximo a Torre do Castro, preto da cal se encontraron varios restos romanos (nas inmediacións da igrexa de Santo Estevo de Sandiás, encontrouse recentemente unha ara anepígrafe así como restos de cerámica romana na contorna).

Fontes:

- Catálogo da Alta Limia (<http://www.altalimia.org/>)
- Eligio Rivas Quintas; A Limia. Val de Antela, Val do Medo. A Coruña. Atlántico, 1985.
- ALVARADO BLANCO, S., RIVAS FERNÁNDEZ, J. C., VEGA PATO, T.: "La Vía Romana XVIII (Vía Nova) revisión de su trazado y mensuración", *Boletín Auriense*, Anexo 25, Ourense, 2000.
- <http://www.traianvs.net/index.php>
- Xulio Rodríguez González e Manuel Xusto Rodríguez; O mundo castrexo e a romanización na Alta Limia: Estado actual e perspectivas en Xulio Rodríguez González (Ed.); *Patrimonio cultural da Alta Limia. Discurso e ordenación do territorio*, Fundación Barrié, p. 69;
- Yolanda Barriocanal; As vías de comunicación e as pontes da Limia en VV.AA; Xulio Rodríguez González (Ed.); *Patrimonio cultural da Alta Limia. Discurso histórico e ordenación do territorio*, Fundación Barrié, p. 57-84
- <http://onosopatrimonio.blogspot.com/>
- - Santiago Ferrer Sierra; Sinalización romana das Vías no Noroeste de Hispania no III Congreso das Obras Públicas Romanas. Xunta de Castilla e León. 2006.
- - Antonio Colmenero, Santiago Ferrer e Rubén Asorey; Miliarios e outras inscricións viarias do noroeste hispánico, Consello da Cultura Galega, 2004.
- Edelmiro Martínez Cerredelo, Historia de Xinzo de Limia, Grupo "Pedro González de Ulloa" de Estudos Históricos da Limia, 2ª edición, 2020.

FOTOS;

- a) Texto via nova: o mapa da via nova. Fotografías da visita pola via nova de Xavier feixoo con colmenero e cartel da actividade.
- b) Texto miliarios. Elixio Rivas Quintas, p. 20; A Limia II. Catalogo
- c) campo da lama. Fotografías e videos dos miliarios.
- d) Texto do miliario de zadagos. Fotografías dos miliarios de zadagós.
- e) Outras pegadas romanas. Por as canalizaciónsn romanas coa foto e o resto do meu artigo sobre restos romanos en sandiás.
- f) . foto do cuadro das mansións da via nova na paxina 368 de miliarios do noroeste de colmenero.
- g) . fotos de Alvarado en traivans para poner pero siempre citando a pie de foto la fuente.